

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º de Ed. Primaria, o equipo docente de cada grupo, na avaliación final, deberá decidir sobre a Promoción ou Non Promoción do alumnado.

Para tomar esta decisión teranse en conta os seguintes criterios:

- Os alumnos e alumnas deberán ter superadas todas as materias, ou avaliación negativa como máximo en 2 materias.
- No caso de non ter acadados os obxectivos mínimos nalgunha das materias de Lingua, Matemáticas e Ciencias, valorarase se as competencias acadadas lle permitirían seguir con éxito o seguinte curso.
- Que nas materias suspensas consiga acadar un 90% dos mínimos esixidos.

Ademais disto outros aspectos a ter en conta para a decisión da promoción son:

- O ámbito de socialización, a integración no grupo, desenvolvemento socio-emocional e os medios e condicións que reúne o centro.
- Valoraremos os seus hábitos e actitudes: Mostra interese por aprender, esfórzase, respecta as normas, traballa ben en equipo, é coidadoso co material.